

# OS SINDICATOS REÚNENSE COS GRUPOS PARLAMENTARIOS: UN PASO MÁIS PARA ACABAR COA DISCRIMINACIÓN LABORAL NA XUSTIZA GALEGA.

Onte os Sindicato de Xustiza, dentro das medidas que acordamos para acabar coa discriminación que sufrimos, mantivemos unha Xuntanza cos Grupos Parlamentarios da oposición, no Parlamento de Galicia.

A reunión tivo lugar con **Luis Villares** de En Marea, **Montse Prado** do BNG e **Xaquín Fernández Leiceaga** e **Patricia Vilán** do PSdeG-PSOE, a quen lle explicamos a razón da Dirección Xeral e do Vicepresidente Sr. Rueda a ningún tipo de negociación nos puntos esixidos polos sindicatos.

Tanto o Grupo de **En Marea**, como o **Grupo do BNG** e o **Grupo Socialista**, manifestaron a súa solidariedade e seu apoio as nosas reivindicacións e comprometeronse a levar a problemática ao Parlamento de Galicia, mediante iniciativas Parlamentarias, e preguntas ao Goberno de Feijoo, que presionen a Xunta para que negocien unha solución os problemas plantexados polas Organizacións Sindicais de Xustiza. O **PSOE** no día de hoxe (14-11-2017) **registrou** unha **Proposición non de Lei** co número 20231, **Interpelación** número 20233 e una **Pregunta** co número de registro 20234 apoiando as reivindicacións dos Sindicatos. Enmarea registrou unha enmenda os presupostos.



Reunión co grupo BNG: de esquerda a dereita: CUT,UGT,-CIG,BNG,CSIF,STAJ,CCOO, USO



Reunión co grupo PSdeG-PSOE: de esquerda a dereita: CUT,STAJ,USO,UGT,PSOE,CIG,CSIF,CCOO.

**Comprometeronse tamén a acudir as Concentracións programadas na sete grandes cidades de Galicia para o xoves 16 de novembro** como unha forma directa de apoio as mesmas e para axudar a que a sociedade galega visualice o problema como algo que afecta negativamente a calidade e a eficiencia na prestación do servizo público da Xustiza.

**Non á discriminación!!!**



Reunión co grupo ENMAREA: de esquerda a dereita: UGT, USO,CIG,ENMAREA, CUT, STAJ,ENMAREA,CCOO y CSIF